

TEMA 11 HISPANIA VISIGODA E ROMANA

DEFINICIÓNS:

- Pobos prerromanos: pobos que habitaban a Península Ibérica antes da chegada dos romanos.
- Celtas: pobos prerromanos da Península Ibérica que habitaban no centro, oeste e norte peninsular.
- Castro: poboado celta fortificado, característico da zona celta da Península Ibérica.
- Iberos: pobos prerromanos da Península Ibérica que habitaban no leste e sur peninsular
- Factoría: establecemento comercial creado por pobos colonizadores nas novas terras. Foron creadas por fenicios, gregos e cartaxineses na Península Ibérica.
- Tartessos: reino situado no val do Guadalquivir que tivo un extraordinario desenvolvemento grazas ás súas relacións con os fenicios.
- Hispania: nome que os romanos deron á Península Ibérica.
- Romanización: proceso polo cal os habitantes das terras conquistadas polos romanos adoptaban as súas formas de vida e a súa cultura da Antiga Roma
- Suevos, vándalos e alanos: pobos bárbaros que penetraron na Península Ibérica a principios do século V
- Visigodos: pobo bárbaro que fundou un reino na Península Ibérica a principios do século VI e o mantivo ata a conquista musulmá (711)
- Reino de Toledo: reino creado polos visigodos na Península Ibérica a principios do século VI
- Concilios de Toledo: asembleas políticas e relixiosas do Reino Visigodo de Toledo

11.1 HISPANIA ROMANA

Antes da chegada dos romanos, a Península Ibérica estivo habitada por uns pobos que denominamos prerromanos e asistiu á chegada de pobos colonizadores que buscaban metais.

A) OS POBOS PRERROMANOS

Podemos dividilos en dous grandes grupos, os celtas e os iberos.

CELTAS		IBEROS
Centro, oeste E norte	XEOGRAFÍA	Leste e sur
Indoeuropeos	INFLUENCIAS	Colonizadores mediterráneos
Gandaría nómada, agricultura, cerámica, texidos de la, ferro...	ECONOMÍA	Agricultura de secano, gandaría, texidos, cerámica, metalurxia e comercio
NON	MOEDA	SÍ
NON	ESCRITURA	SÍ
Escaso e rudimentario	ARTE	Brillante: damas de Elche e Baza
Castros	POBOADOS	Poboados en alto con murallas
Clans familiares ou tribus	ORGANIZACIÓN POLÍTICA	Pequenas monarquías
Iusitanos, célticos, celtíberos, vascones, vacceos, vettones, galaicos, astures, cántabros	POBOS	turdetanos, bastetanos, contestanos, edetanos, sedetanos, ilergetes, lacetanos, layetanos

B) AS COLONIZACIÓNS MEDITERRÁNEAS

Entre os séculos X e III a.C establecéronse na Península xentes de pobos mediterráneos atraídas pola riqueza mineira destas terras. Elixiron as costas mediterráneas, onde fundaron colonias e factorías, a partir das cales influíron nos pobos autóctonos (novos cultivos e novas técnicas agrícolas, técnicas artesanais, minaría, escritura, uso da moeda). O último destes pobos colonizadores, os cartaxineses, pasaron da fundación de colonias á conquista territorial, proceso no cal chocaron con Roma e provocaron a súa entrada na Península Ibérica.

C) A HISPANIA ROMANA

No ano 218 a.C, e no contexto do enfrontamento dos romanos cos cartaxineses polo dominio do Mediterráneo occidental (Guerras Púnicas), os romanos desembarcaron en Emporion e iniciaron a conquista romana da Península Ibérica, que se desenvolveu en tres fases:

- 1) 218-197 a.C Roma venceu aos cartaxineses e ocupou o litoral mediterráneo, parte do val do Ebro e o val do Guadalquivir.
- 2) 197-29 a.C Roma dominó o centro e o oeste peninsular tras vencer a lusitanos e celtiberos.
- 3) 29-19 a.C Roma ocupou o norte peninsular tras vencer cántabros e astures.

Fases de la conquista romana



Tras a conquista produciuse a ROMANIZACIÓN, isto é, a adopción por parte dous pobos conquistados da cultura e das formas de vida romana: uso do latín, fundación de cidades, Dereito romano, escravismo, moeda, técnicas e usos económicos, relixión, arte...

O exército romano, os comerciantes e os funcionarios axudaron nesta tarefa, conseguindo ao final un resultado desigual: zonas moi romanizadas (sur e costa mediterránea) e pouco romanizadas (meseta e norte).

DIVISIÓN TERRITORIAL. Hispania foi dividida nun principio en dúas provincias (Citerior e Ulterior), despois en tres (Tarraconense, Bética e Lusitania) e, por último, en 6 (Tarraconense, Bética, Lusitania, Gallaecia, Cartaginense e Baleárica). Á fronte de cada provincia había un gobernador.



Provincias romanas en 56 a.C.



Provincias romanas en tempos de Augusto (27 a.C. - 14 d.C.)



Provincias romanas tras las reformas de Diocleciano

AS CIDADES eran dirixidas polos duumviros, edís e cuestores. Fundáronse NOVAS CIDADES onde se construíron os edificios típicos romanos: teatros (Emérita), anfiteatros (Itálica), circos (Sagunto), termas (Tarraco), templos (Baelo), arcos de triunfo (Bará), acuedutos (Segovia e Emérita) e pontes (Alcántara).

A SOCIEDADE dividíase en persoas libres (cidadáns e non cidadáns) e escravos.

HISPANIA CONVERTEUSE NUNHA PROVINCIA ABASTECEDORA DE ROMA. Os produtos da triloxía mediterránea na agricultura, das distintas especies gandeiras, das grandes riquezas mineiras, das industrias agroalimentarias... eran transportados a Roma a través dunha extensa rede de calzadas (Vía da Prata e Vía Augusta) e portos.

AS VILAS HISPANORROMANAS eran explotacións agrícolas e gandeiras autosuficientes que contaban, ademais de vivendas para o señor e os traballadores, con dependencias de almacenaxe (cortes e celeiros), industriais (carpintaría, ferraría e fabricación de cerámica) e de transformación (muíño de gran, almazara e lagar).

O LATÍN desprazou o resto de linguas faladas na península. Adoptouse o sistema educativo e xurdiron figuras como o filósofo Séneca, os poetas Lucano e Marcial, e o agrónomo Columela

11.2. HISPANIA VISIGODA

A) OS INICIOS DO PODER VISIGODO

No ano 476, os visigodos xa se asentaran na península Ibérica e no 490 remata o groso das migracións dende o norte.



Extensión do Reino Visigodo cara a principios do século VI.

Os visigodos non controlaban toda a Península Ibérica. Na parte noroeste estaba o reino dos suevos. Toda a cornixa cantábrica, dende a cordilleira ata o mar, zona pouco romanizada, estaba dominada por astures, cántabros e vascóns.

B) REINO VISIGODO DURANTE LEOVIGILDO, ANO 586

Ao final do reinado de Teudis trasladouse a capital a Toledo e con se consolido o devandito traslado. Grazas á decidida acción política de Leovigildo (573-586) Conseguiu certo nivel de estabilidade da monarquía con reformas monetarias, restablecendo o control soberano sobre territorios que se declararan independentes na segunda metade do século VI, a conquista do reino suevo, así como contra as instalacións bizantinas, moitas das cales pasaron de novo a mans visigodas.

Non obstante, a pretensión de Leovigildo de unificar os seus reinos relixiosamente, con base no arianismo, fracasou. Viviu as súas peores horas coa sublevación do seu fillo Hermenegildo no sur, convertido ao catolicismo. O seu fillo e sucesor Recaredo (586-601), irmán de Hermenegildo, logrou esa unidade relixiosa, pero tomando como base o catolicismo. No transcendental III Concilio de Toledo o rei e Bado, a súa esposa manifestaron a súa conversión. Considérase que, tras esta conversión, a cultura visigótica en Hispania alcanza o seu máximo esplendor

C) OS OSCUROS ANOS DO SÉCULO VII



Hispania visigótica hacia o 700, antes da invasión musulmán da península Ibérica.

A relativa paz que se respiraba con Leovigildo e Recaredo, vese truncada novamente. Sucédense varios reis deles, o que non é asasinado, mesmo sendo menor de idade, morre en estrañas circunstancias.

Unicamente Suintila ,gran xeral, remata por expulsar os bizantinos no 620.

O derrubamento do Estado visigodo

Segundo a historia clásica, cara ao 710 sucédense os enfrontamentos polo trono tras a morte de Witiza. Os pretendentes á coroa, Roderico (coñecido como don Rodrigo) e Agila II, enfróntanse, feito que é aproveitado polos musulmáns, que tras conquistar o norte de África, cruzan o estreito de Xibraltar e conquistan Toledo, vencendo e matando a Rodrigo na batalla deGuadalete

Para o século IX toda a península, a excepción do norte peninsular, quedaría baixo o dominio musulmán.

Varios nobres visigodos escaparon a Asturias, unha zona fóra do control musulmán, e un deles, un oficial chamado Pelayo, conseguiu derrotar o 722 a unha expedición de conquista musulmá na batalla de Covadonga.

Don Pelayo foi elixido príncipe dos astures e así conseguírase a creación dun pequeno pero férreo núcleo de resistencia que daría lugar á formación dos primeiros reinos cristiáns.

D) POLÍTICA, SOCIEDADE E ECONOMIA

- **ORGANIZACIÓN POLÍTICA:** a monarquía era electiva e o rei tiña amplos poderes, aínda que contaba coa axuda da Aula Rexia (consello de nobres que o asesoraban) e dos Concilios de Toledo(assembleas político-relixiosas).

- **A ADMINISTRACIÓN TERRITORIAL:** Os visigodos aceptaron a división provincial da Hispania Romana. Á fronte das provincias puxeron aos duces (singular, dux; en español, «duques»). e á fronte das cidades aos comites (comes, «condes»).

As institucións municipais, en cambio, entraron en decadencia. Os curiais municipais, encargados de recadar os impostos nas cidades, continúan e acentúan a súa caída. Son despoixados do seu poder tributario e este recae en mans dos duces e os comes.

Estes asumirán gran parte do labor administrativo do reino e gobernarán provincias ou rexións con plenas competencias na administración e xustiza. Iniciándose un proceso de protofeudalización.

Os Concilios de Toledo

Entre os anos 400 e 702 celebráronse en Toledo dezaioito concilios nos que, reunidos en asemblea, os bispos de todas as dioceses de Hispania sometían a consideración asuntos de natureza tanto política coma relixiosa, con independencia do poder ao que estivesen sometidos (suevo, visigodo ou bizantino).

Entre estas cuestións non estritamente relixiosa estiveron as normas para a elección dos **reis**, a aprobación dos destronamentos ou a condena aos rebeldes. Era nos concilios, ademais, onde se decidía sobre a persecución dos xudeus.

- **SOCIEDADE:** Pouco a pouco os visigodos fóronse integrando na poboación hispanorromana, conformando unha sociedade cun grupo privilexiado (rei, nobreza e alto clero) e o resto da poboación (homes libres, colonos e servos).
En canto á relixión, os visigodos seguen o arianismo que se estendera no Imperio romano, pero tmbien existían cristiáns e xudeus
- **ECONOMIA:** Las actividades económicas fundamentais dos visigodos foron a agricultura e a gandería que se practicaba en grandes propiedades. Tanto a artesanía coma o comercio entraron en decadencia.
- **A CULTURA:** a arte visigodos estiveron estreitamente ligados coa Igrexa, destacando intelectuais como San Isidoro de Sevilla e realizacións artísticas como as igrexas e a ourivaría.

CUESTIÓN

1ª) En dous grandes grupos podemos dividir os pobos prerromanos?

2ª) Completa o seguinte cadro

CELTAS		IBEROS
	XEOGRAFÍA	Leste e sur
Indoeuropeos	INFLUENCIAS	
Gandaría nómada, agricultura, cerámica, texidos de la, ferro...	ECONOMÍA	
	MOEDA	Sí
	ESCRITURA	Sí
Escaso e rudimentario	ARTE	
	POBOADOS	Poboados en alto con murallas
	ORGANIZACIÓN POLÍTICA	
lusitanos, célticos, celtíberos, vascones, vacceos, vettones, galaicos, astures, cántabros	POBOS	turdetanos, bastetanos, contestanos, edetanos, sedetanos, ilergetes, lacetanos, layetanos

3ª) Que son as colonizacións mediterráneas?

4ª) Cando se inicia a conquista da Península Ibérica polos romanos

5ª) Explica a tres fases da conquista romana da península

6ª) Tras a conquista produciuse a romanización, isto que é?

7ª) Explica a DIVISIÓN TERRITORIAL que sofre Hispania coa administración romana?

8ª) que eran as vilas hispanorromanas?

9ª) Cal era a extensión do Reino Visigodo cara a principios do século VI?

10ª) Can se trasladou a capital visigoda a Toledo?

11ª) Cando se considera o momento de máximo esplendor do Reino Visigodo

12ª) Por que causa se produce o derrubamento do Estado visigodo

13ª) Como era a administración territorial dos visigodos?

14ª) Quen dirixe as provincias visigodas, e as cidades?